

A GASALLOUNOS con palabras Xavier Senín nun deses discursos que, nestes últimos Premios Xerais convertéronsen en agasallos para a nosa cultura. Palabras nas que se pecha o amor a unha lingua e os firmes alicerces que, pese a tantas marexadas como se suceden, fornecen ao galego.

Desas palabras enguedelláronse os tres gañadores do serán do sábado na illa de San Simón: Leticia Costas, Eduardo Santiago e

ENTRE DOUS

RAMÓN ROZAS



Leticia verniana en San Simón

María Reimóndez acadaron a gloria coas súas obras nun ambiente que é difícil de acadar por outras convocatorias. No medio da ría de Vigo, coa memoria dos poetas medievais, o recordo dos que penaron miserias nese recinto e o mito de Jules Verne arredor noso, o calorciño da xente das letras en Galicia fai que a entrega destes premios cumprimente a todos os presentes dunha maneira inmejorable, pero sobre todo cumprimenta a nosa cultura. Unha ledicia!!!!